



## **RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO**

En cumprimento da Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG nº 188, mércores 29.setembro 2021) , da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, e aplicando o disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio), e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, que establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes, por corresponder no curso 2018-2019 a renovación dos consellos escolares, comézase o proceso regulamentario.

<b>COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO</b> CENTRO DE OITO OU MÁIS UNIDADES (ROC, artigo 37º)	<b>MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR QUE CORRESPONDE RENOVAR</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O/A director/-a, que será o seu presidente.</li> <li>▪ OS/AS xefes/-as de estudos.</li> <li>▪ Seis profesores/-as, elixidos polo claustro.</li> <li>▪ Tres representantes dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as.</li> <li>▪ Tres representantes do alumnado</li> <li>▪ Un/unha representante do persoal de administración e servizos.</li> <li>▪ Un concelleiro/-a ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.</li> <li>▪ O/A secretario/-a do centro, que actuará como secretario/-a do consello, con voz, pero sen voto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Cinco profesores/-as, elixidos polo claustro.</b></li> <li>▪ <b>Dous/dúas representantes dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as.</b></li> <li>▪ <b>Tres representantes dos alumnos/alumnas do centro de secundaria.</b></li> <li>▪ <b>Un concelleiro/-a ou representante do concello.</b></li> </ul>

Comunícase que o proceso electoral abriuse o 5 de novembro e as eleccións serán o 25 de novembro en todos os sectores.

A través do ABALAR, e na páxina web do centro chegaralle toda a información referente aos prazos de presentación de candidaturas, así como o calendario electoral.

***O censo de pais/nais/titores e titoras está exposto no taboleiro de anuncios do centro para a súa consulta e posibles reclamacións.***

O director,

Asdo.: Luís Veloso Rodríguez

